



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


**Novembro 2018**

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2019

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Novembro 2018


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de novembro en Galicia un aumento do 5,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 4,6 puntos menos que no mes de outubro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 5,7%, menos que no mes anterior (2,7 puntos).
- O Comercio aumenta a súa facturación o 7,0% e os Outros servizos o 1,0%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 2,6%, tres décimas máis que en España (2,3%).
- En todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de novembro. Galicia é a sétima comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a cuarta comunidade co maior incremento do emprego.



## 1. Cifra de negocios

### 1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de novembro en Galicia un aumento do 5,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 4,6 puntos inferior ao do mes de outubro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 5,7%, 2,7 puntos menos que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento da facturación do 7,0%, é o que máis contribúe ao crecemento do índice xeral no mes de novembro (5,4 puntos); os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 1,0% e achegan 0,2 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 5,3% e os *Outros servizos* o 6,4%.

O aumento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que crece o 9,9% e achega 5,3 puntos á taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos de motor* diminúe o 5,5% e resta 0,2 puntos. A facturación no *Comercio ao retallo* crece o 1,7% e achega 0,3 puntos.

A nivel nacional, nas actividades comerciais, é o *Comercio por xunto* a actividade con maior incremento (7,0%).

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 1,0%; rexistran taxas positivas *Transporte* (0,4%), *Hostalería* (4,2%) e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (4,9%). En senso contrario, presentan taxas negativas *Información e comunicacións* (-1,7%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-2,0%).

En España, os *Outros servizos* aumentan o 6,4%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. O maior crecemento dáse en *Actividades profesionais, científicas e técnicas* e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (ambas as dúas 9,7%).

No que vai de ano, o índice xeral aumenta un 5,4% en Galicia e un 6,5% en España.

O *Comercio por xunto* é o sector que máis contribúe ao crecemento da cifra de negocios no que vai de ano, tanto en Galicia como no conxunto de España, con taxas do 7,0% e 8,3% respectivamente.

A *Hostalería* é o único sector no que diminúe a facturación nos once primeiros meses do ano en Galicia, -2,3%. En España todos os sectores presentan taxas positivas.

## 1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 5,2% no mes de novembro. Este incremento débese principalmente ao *Comercio*, que aumenta o 2,9% e achega 4,7 puntos á taxa de variación do índice xeral. En senso contrario, a *Hostalería* diminúe o 1,0%.


No acumulado do ano, o índice aumenta un 4,6%, sendo o *Comercio* (6,0%) e o *Transporte* (8,1%) os sectores que máis contribúen ao incremento do índice xeral, 2,6 e 1,1 puntos respectivamente.

## 1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 4,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 5,7%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



#### 1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de novembro en todas as comunidades autónomas aumentan a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores aumentos danse en Madrid (7,9%), Castilla-La Mancha (7,6%) e Cantabria (7,2%). As comunidades con menor crecemento son Andalucía e Comunitat Valenciana (ambas 2,9%).

No que vai de ano, as comunidades con maiores incrementos son Madrid (9,2%) e Cantabria (8,7%). O menor incremento rexístrase en Andalucía (3,9%) e Comunitat Valenciana (4,0%).

## Índices de cifra de negocios. Novembro 2018


### Taxa de variación en %



## 2. Persoal ocupado

### 2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,6% respecto ao mes de novembro de 2017, tres décimas máis que en España (2,3%).



O persoal ocupado aumenta un 3,4% no *Comercio* e un 2,1% nos *Outros servizos*. Entre as actividades comerciais, o *Comercio por xunto* rexistra o maior crecemento (7,1%), co que achega 1,0 puntos á taxa de variación do índice xeral.

Nos *Outros servizos*, destaca o incremento do 5,0% nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares*. En senso contrario, na *Hostalería* diminúe o persoal ocupado un 1,2%.

En España, en todos os sectores aumenta a ocupación. Os maiores incrementos no persoal ocupado danse en *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (3,9%) e *Información e comunicacións* (3,3%).

Nos once primeiros meses do ano, o persoal ocupado aumenta un 2,0% en Galicia, dúas décimas menos que no conxunto do Estado (2,2%).

O maior incremento do emprego no que vai de ano en Galicia rexístrase no *Comercio por xunto* (6,1%), mentres que na *Hostalería* diminúe o persoal ocupado o 1,6%.

No conxunto do Estado, en todos os sectores de actividade hai un incremento do emprego, sendo as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* as que amosan o maior crecemento, 3,9%.

## 2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas


Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de novembro con respecto ao mesmo mes do ano 2017.

Os maiores incrementos danse en Illes Balears (3,3%) e Navarra (3,1%). As comunidades onde menos crece a ocupación son Canarias (0,6%) e Cantabria (0,7%).

No que vai de ano, os maiores incrementos danse en Illes Balears (3,5%) e Aragón (3,0%), mentres que Extremadura (1,6%) rexistra o menor crecemento.

## Índices de persoal ocupado. Novembro 2018

### Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.



## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Novembro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>128,1</b>	<b>5,6</b>	<b>5,4</b>
<b>Comercio</b>	<b>133,7</b>	<b>7,0</b>	<b>6,0</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	100,0	-5,5	9,8
Comercio por xunto	148,1	9,9	7,0
Comercio ao retalho	107,6	1,7	2,8
<b>Outros servizos</b>	<b>111,1</b>	<b>1,0</b>	<b>3,5</b>
Transporte	112,5	0,4	3,2
Hostalería	97,2	4,2	-2,3
Información e comunicacións	109,8	-1,7	0,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	113,4	4,9	5,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	124,7	-2,0	13,8
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>120,6</b>	<b>5,7</b>	<b>6,5</b>
<b>Comercio</b>	<b>122,9</b>	<b>5,3</b>	<b>6,8</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	137,7	0,7	9,1
Comercio por xunto	126,7	7,0	8,3
Comercio ao retalho	110,5	3,5	2,9
<b>Outros servizos</b>	<b>116,4</b>	<b>6,4</b>	<b>5,9</b>
Transporte	116,3	4,9	5,7
Hostalería	99,0	4,0	2,1
Información e comunicacións	117,0	4,5	4,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	134,4	9,7	9,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	111,6	9,7	7,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Novembro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	120,6	5,2	4,6
Comercio	131,4	6,8	6,0
Transporte	128,6	4,6	8,1
Hostalería	99,1	4,6	-2,2
Información e comunicacións	111,0	-1,0	2,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	112,7	6,6	6,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	132,5	2,4	12,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.  
Novembro 2018**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>120,6</b>	<b>5,7</b>	<b>6,5</b>
Andalucía	112,8	2,9	3,9
Aragón	121,4	4,5	8,0
Asturias	113,9	5,4	6,1
Balears, Illes	92,5	6,7	4,8
Canarias	121,1	5,3	6,5
Cantabria	121,5	7,2	8,7
Castilla y León	113,9	5,2	4,4
Castilla-La Mancha	124,9	7,6	7,2
Cataluña	117,6	5,2	5,6
Comunitat Valenciana	118,1	2,9	4,0
Extremadura	117,3	5,8	5,4
<b>GALICIA</b>	<b>128,1</b>	<b>5,6</b>	<b>5,4</b>
Madrid	129,4	7,9	9,2
Murcia	114,7	3,6	4,5
Navarra	121,3	4,5	4,4
País Vasco	121,1	5,6	7,9
Rioja, La	124,9	6,9	6,8

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Novembro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>108,1</b>	<b>2,6</b>	<b>2,0</b>
<b>Comercio</b>	<b>108,0</b>	<b>3,4</b>	<b>2,6</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	101,5	3,0	0,6
Comercio por xunto	119,2	7,1	6,1
Comercio ao retallo	102,9	1,1	1,0
<b>Outros servizos</b>	<b>108,2</b>	<b>2,1</b>	<b>1,6</b>
Transporte	105,2	2,3	1,5
Hostalería	102,6	-1,2	-1,6
Información e comunicacións	106,6	3,5	2,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,2	2,6	3,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	119,0	5,0	4,0
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>108,1</b>	<b>2,3</b>	<b>2,2</b>
<b>Comercio</b>	<b>106,9</b>	<b>1,6</b>	<b>1,6</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	106,9	2,5	2,6
Comercio por xunto	110,6	2,0	2,4
Comercio ao retallo	104,6	1,2	1,0
<b>Outros servizos</b>	<b>108,7</b>	<b>2,8</b>	<b>2,6</b>
Transporte	108,7	2,6	2,8
Hostalería	103,9	1,9	1,4
Información e comunicacións	108,4	3,3	3,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,6	2,4	2,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	115,2	3,9	3,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.  
Novembro 2018**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>108,1</b>	<b>2,3</b>	<b>2,2</b>
Andalucía	105,8	1,9	1,7
Aragón	109,6	2,6	3,0
Asturias	105,1	2,3	1,8
Baleares, Illes	97,9	3,3	3,5
Canarias	110,3	0,6	2,1
Cantabria	108,2	0,7	2,0
Castilla y León	105,0	1,3	1,7
Castilla-La Mancha	106,1	1,1	1,7
Cataluña	109,3	2,6	2,3
Comunitat Valenciana	111,1	2,3	2,2
Extremadura	105,3	2,3	1,6
<b>GALICIA</b>	<b>108,1</b>	<b>2,6</b>	<b>2,0</b>
Madrid	108,7	2,9	2,6
Murcia	111,4	1,7	2,7
Navarra	109,3	3,1	2,6
País Vasco	106,4	2,5	1,9
Rioja, La	108,4	2,5	2,0

Fonte: INE